

Contos

Jacob e Wilhelm Grimm

Tradución de Lucía Castaño



Xacob e Wilhelm Grimm

Contos

Versión galega de Lucía Castaño

A afillada da Virxe

Ó pé dunha grande fraga vivía un leñador coa súa muller e tiñan unha soa filla, unha meniña de tres anos. A súa miseria era tan grande que ata lles faltaba o pan de cada día e non tiñan xa para lle dar de comer á rapaza. Unha mañá, o leñador, angustiado polos seus problemas, foi á fraga partir leña e, estando no seu traballo, aparecéuselle unha fermosísima muller cunha coroa de estrelas relucindo sobre a súa cabeza e díxolle:

—Son a Virxe María, a nai do neno Xesús. Ti es pobre e necesitado. Tráeme a túa meniña e levareina comigo, serei a súa nai e coidareina.

O leñador obedeceu, deulle a nena á Virxe, quen a levou consigo para o ceo. Alí todo era marabilloso para ela; comía biscoito e bebía leite doce; as súas vestimentas eran de ouro e xogaba cos anxos do ceo. Un día, cando xa a rapaza tiña catorce anos, a Virxe chamou por ela e díxolle:

—Miña nena, hei de facer unha longa viaxe. Aquí che deixo, en custodia, as chaves das trece portas do Reino dos Ceos; para abrires doce e entrar te-lo meu permiso, pero prohíboche que abra-la décimo terceira, á que corresponde esta pequena chave. E máis che vale que obedezas, senón recibira-lo teu merecido.

A rapaza prometeu ser obediente, e, ó marcha-la Virxe, abriu cada día unha porta, ata chegar á número doce, e contemplaba as estancias celestiais. En cada unha delas estaba sentado un apóstolo, rodeado dun enorme resplandor, e ela e mailos anxos que sempre a acompañaban alegrábanse ó ver tanta magnificencia e maxestosidade. Agora aínda lle restaba a porta prohibida e empezou a senti-lo anhelo de saber que era o que se escondía detrás dela.

—Realmente non é que queira abri-la porta de par en par nin moito menos entrar –díxolles ós anxos–, só entreabrila un pouquiño para mirarmos.

—¡ Non, non! –dixeron os anxos–. Iso sería pecado. A Virxe prohibiuchou, e se desobedeces ben podería se-la túa perdición.

Entón deixou a rapaza estes falares pero non deixou a ansia de lle aguilloa-lo corazón sen descanso. E así, unha vez na que tódolos anxiños marcharan, pensou para si: "Agora que estou completamente soa podería botar unha ollada; ben seguro que ninguén se ha decatar." Buscou a chave no mangado, meteuna na pechadura e xirou. Subitamente, abriuse a porta de par en par e viu, sentada entre lume e resplandor, a Santísima Trindade.

Durante un momento, ficou alí de pé, observando todo atónita. A continuación, rozou a luz cun dedo e este cubriuse de ouro. Inmediatamente apoderouse dela un terrible medo, pechou a porta e fuxiu correndo. Pero, fíxese o que fíxese, non lle saía o medo do corpo, e o corazón batíalle con moita forza. Tamén o dedo seguía cuberto de ouro por máis que o lavou e raspou.

Pouco tempo despois regresou a Virxe María da súa viaxe. Chamou pola rapaza e pediulle as chaves celestiais. Unha vez que tivo o mangado na man, mirouna ós ollos e preguntoulle:

—¿Non abríche-la porta prohibida?

- Non –respondeu a rapaza.

Entón, a Virxe púxolle a man sobre o corazón e sentiu como latía fortemente. Decatouse así de que a rapaza desobedecera as súas ordes e abrira a porta, e volveulle preguntar:

— ¿É seguro que non o fixeches?

—Non –dixo ela, por segunda vez.

De pronto, a Virxe puido ve-lo dedo dourado co que tocara o lume celestial e soubo xa con certeza que pecara. Preguntoulle por terceira vez:

—¿Non o fixeches?

—¡ Non! –respondeu ela de novo.

—Non me obedeciches, e aínda me mentes –dixo daquela a Virxe–. Xa non es digna de estar no ceo.

A rapaza sumiuse nun sono profundo, moi profundo, e, ó despertar, estaba na terra, no medio dun terra erma circundada por unha mesta matogueira. Intentou berrar, maiso non puido emitir nin un só son. Ergueuse e quixo fuxir; pero, alí onde se dirixía, atopaba a matogueira imposible de cruzar. No medio deste páramo no que estaba pechada erguíase unha árbore oca que había de se-lo seu fogar. Así, ó cae-la noite, tiña alí dentro o seu leite, e, cando chovía e tronaba, era aquel o seu acubillo. Pero era aquela unha vida miserable; fartábase de chorar cada vez que lle acordaban os anos que pasara no ceo e os anxos que xogaban con ela. Os arandos e mailas raíces que atopaba eran o seu único alimento.

No outono recollía froitos secos e follas caídas para levalos á árbore, e así tiña alimento no inverno; coa chegada das neves e do xeo, acochábase coma un animalíño baixo as follas para non aterecer co frío. Non tardaron moito tempo en podrece-las roupas que levaba e caeren cacho a cacho. Tan logo como lucía de novo o sol, saía, sentaba diante da árbore, cubríndoa o seu longo cabelo coma unha capa por tódalas partes. E así foi un ano tras doutro; e soubo o que era a miseria e a dor do mundo.

Unha vez, cando xa as árbores reverdeceran, estaba o rei de caza no bosque e comezou a perseguir un cervo que se meteu por entre a matogueira que rodeaba á rapaza. Baixou do cabalo, separou as silvas e abriu camiño coa axuda da espada. Cando finalmente logrou cruzar, viu sentada baixo a árbore unha fermosísima rapaza, cuberta ata as dedas polo seu cabelo dourado. Quedou alí de pé, ficándoa abraiado, e preguntoulle:

—¿Quen es? ¿ Que fas aquí sentada, neste páramo?

Pero a rapaza non respondeu, xa que non podía despecha-los beizos.

—¿Queres vir comigo ó meu pazo? –preguntou el, e ela asentiu lixeiramente coa cabeza.

O rei colleuna por un brazo e axudoulle a subir ó cabalo; e, ó chegaren ó pazo, deulle ricas roupas para vestir e todo aquilo que poidades imaxinar. Malia a súa mudez, ela era unha rapaza fermosa e agraciada; xa que logo, o rei namorouse dela e casaron ó pouco tempo.

Ó transcorrer un ano, a raíña trouxo ó mundo un bonito meniño. Pero pola noite, no cuarto onde ela durmía, apareceu a Virxe e díxolle:

—Se dis agora a verdade e recoñeces que abríche-la porta prohibida, eu abrirei os teus beizos e devolvete a fala. Ora que se perseveras no teu pecado e segues a mentir, hei leva-lo teu fillo comigo.

Mais a raíña, testuda, contestou unha vez máis:

—Non, eu non abrín a porta prohibida —e a Virxe colleulle o meniño dos brazos e desapareceu.

Á mañá seguinte, cando todos viron que faltaba o meniño, comezou a espallarse o rumor de que a raíña muda comía carne humana e de que matara o seu propio fillo. Ela escoitaba todo e non podía defenderse; pero o rei, tan namorado como estaba, non daba creto a estes falares.

Ó ano seguinte, a raíña tivo outro fillo. Pola noite, a Virxe volveu aparecer e díxolle:

—Se recoñeces que abríche-la porta prohibida, devolvete o teu fillo e maila fala. Mais se perseveras na mentira, hei levar este meniño tamén.

E a raíña insistiu:

—Non, en non abrín a porta prohibida —e a Virxe levoulle o meniño para o ceo.

Ó día seguinte, vendo que tamén desaparecera este neno, a xente dixo publicamente que a raíña comía seres humanos; e os conselleiros reais esixiron que fose xulgada. Sen embargo, o namorado rei seguía sen crer estas acusacións; e ordenou ós conselleiros que non falasen máis do asunto, so pena de tortura e morte.

Ó ano seguinte, a raíña deu a luz unha princesiña. Por terceira vez, apareceu a Virxe e díxolle:

—Sígueme —e levouna ó ceo da man e amosoulle os outros dous nenos, que estaban a xogar coa esfera terrestre.

A raíña púxose moi contenta cando os viu, e a Virxe repetiu:

—¿Aínda non se amoleceu o teu corazón? Se confesas que abríche-la porta prohibida, heiche da-los teus fillos —pero a raíña, obstinada, respondeu por terceira vez:

—Non, eu non abrín a porta prohibida.

Daquela, a Virxe mandouna de novo á terra, levándolle a meniña.

Á mañá seguinte, en canto se soubo, berrou a xente:

—¡A raíña come seres humanos! ¡Debe ser castigada! —e o rei xa non puido dete-los seus conselleiros.

Levou a cabo un xuízo contra ela; e, como era muda, non puido defenderse de semellantes acusacións, polo que foi condenada a morrer na fogueira. Amontoaron a leña, e cando estaba alí de pé, atada a un poste e co lume incipiente arredor, derreteuse o frío xeo do orgullo, amoleceulle o corazón e pensou: "¡Ai, ben me gustaría confesarlle á Virxe antes da miña morte que abrín a porta prohibida!" . Daquela, volveulle a voz e berrou:

—¡Si, María, abrín a porta prohibida!

E, de repente, empezou a caer chuvia dende o ceo que apagou o lume da fogueira. Luciu unha forte luz, e a Virxe descendeu traendo a meniña no colo e os nenos a ámbolos seus lados. E díxolle amablemente:

—Aquel que recoñeza as súas culpas será perdoado —e entregoulle os rapaces, devolveulle a fala e concedeulle felicidade para o resto dos seus días.

A morte vai de madriña

Había unha vez un home moi pobre que tiña doce fillos e tiña que traballar noite e día para darlles algo de

pan. Pero cando naceu o décimo terceiro, xa non sabía como os ía alimentar e, desesperado, botouse ó camiño para pedirlle ó primeiro que pasase que lle apadriñase o rapaz. O primeiro con quen atopou foi co bo Deus, que xa sabía dos seus males, e díxolle:

—Dásme pena, bo home; quero apadriña-lo teu meniño e ocuparme del para que sexa feliz aquí na terra.

—¿Quen es ti? —preguntou o home.

—Son o bo Deus.

—Pois a ti non te quero de padriño —díxolle o home—, porque lles dás ós ricos e deixas que os pobres pasen fame

Faloulle así porque descoñecía con qué sabedoría reparte o Noso Señor riqueza e pobreza. E así, apartouse do Noso Señor e continuou o seu camiño.

Un pouco máis adiante, encontrou co demo que tamén lle fixo a mesma pregunta:

—¿Que buscas, home? Se me queres de compadre, o meniño terá ouro en abundancia e non lle han faltar alegría e diversión.

—¿Quen es ti? —preguntou o home.

—Son o demo.

—Daquela non te quero de padriño —dixo o home—, xa que tentas e engána-la xente.

Proseguiu o seu camiño; e achegóuselle, alancando, a fraca morte.

—Lévame a min de madriña do teu meniño.

—¿Quen es ti? —preguntou o home.

—Son a morte, e non fago distincións.

—Ti e-la adecuada, xa que non fas diferencias e levas a ricos igual ca pobres; sera-la miña comadre.

—Farei ó teu fillo rico e famoso —comunicoulle a morte—, pois que a aquel que me ten por amiga non lle ha faltar nada.

—O vindeiro domingo será o bautizo, así que preséntate alí á súa hora.

A morte alí se presentou como prometera, e amadriñou ó meniño.

Cando este foi maior, presentóuselle unha vez a madriña e díxolle que fose con ela. Levouno ó bosque, amosoulle unha herba que alí medraba, e díxolle:

—Agora recibira-lo teu regalo do bautismo. Voute facer un médico famoso. Cando te chamen onda un enfermo, hei estar eu sempre alí. Se me ves ó lado da cabeceira, di sen reparo que o vas sandar, dáslle desta herba e el curará. Mais se, pola contra, ves que espero ós seus pés, quere dicir que é meu, e ti dirás que calquera axuda sería inútil e que ningún médico do mundo o podería salvar. Pero coida ben de non usáre-la herba en contra dos meus desexos ou terás serias dificultades.

E non pasou moito tempo ata que o rapaz se converteu nun famoso médico. "Disque lle chega con ve-lo enfermo, e xa sabe se vai sandar ou morrer" falaban por aí. E de tódalas partes chegaba xente a levalo onda os seus enfermos, e dábanlle tanto ouro que en seguida se fixo rico.

Resultou unha vez que o rei enfermou gravemente. Chamaron o médico para que dictaminase se era posible que sandase. Mais cando se achegou ó leito, viu a morte ós pés do enfermo así que xa non tiña nada que facer. "Se puidese engana-la morte só por unha vez" pensou o médico. "Halle parecer mal, pero como son o seu afillado seguro que o pasa por alto. Voume atrever."

Así, colleu o enfermo e virouno de xeito que a morte quedase á cabeza. Deulle a herba, e o rei sandou. Pero a morte foi onda o médico, cunha expresión na face arrepiante, e sinalouno de xeito ameazante dicindo:

—Acabas de rir de min; por esta vez perdoareiche porque e-lo meu afillado, mais se ousas facelo outra vez, xóga-la vida, rapaz, e levareite comigo.

Ó pouco tempo, enfermou gravemente a filla do rei. Era a súa única descendente, e o rei choraba día e noite, tanto que cegou, e fixo público que, aquel que salvase a súa filla da morte había casar con ela e herdaría a coroa. O médico, cando se achegou ó leito da enferma, viu que a morte estaba ós seus pés. Debería lembrar entón as advertencias da súa madriña, mais a grande fermosura da rapaza e a idea de se-lo seu home obcecárono de tal xeito que esqueceu tódalas ameazas.

Non viu cómo a morte lle lanzou unha ollada de ira e cómo alzou a man para ameazalo co seu puño escualido. O médico ergueu a enferma e puxo a cabeza onde antes estaban os pés. Despois, deulle a herba, e xa de seguido comezou a subirlle a cor rubia ás meixelas, volvendo así a rapaza á vida. A morte, cando se viu traizoada por segunda vez, alancou cara ó médico e díxolle:

—¡Abonda xa! ¡Agora chegou a túa vez! —e agarrouno coa súa xélida man, tan fortemente que el non puido defenderse, e levouno a unha cova subterránea.

Alí, ordenadas en innumerables liñas, viu miles e miles de candeas ardendo, algunhas grandes, outras medianas, outras pequenas. A cada momento, extinguíanse unhas e acendíanse outras, de xeito que as chamas, con este constante cambio, parecía que brincaban dun lado a outro.

—Mira —dixo a morte—, son as candeas da vida humana. As grandes son de nenos, as medianas de adultos nos seus mellores anos e as pequenas de xente vella. Por suposto, tamén nenos e mozos teñen, ás veces, unha chama pequena.

—Amósame a miña candea —díxolle o médico, pensando que sería ben grande.

A morte sinalou unha chispiña a piques de apagarse e dixo:

—Aí a tes.

—¡Ai, madriña miña! —exclamou o médico, arrepiado—, por favor, acéndame unha candea nova, fágao por min, para que poida vivi-la miña vida, ser rei e casar coa fermosa princesa.

—Non podo. Ten que se apagar unha primeiro, para que se acenda outra nova.

—Pois cando a vella se extinga, colóquea sobre unha nova que se acenda agora —suplicoulle o médico.

A morte fixo coma se fose cumpri-los seus desexos, e colleu unha grande candea fresca; pero como quería vinganza, púxo a propósito noutro sitio, e a candeíña del caeu e apagouse. Inmediatamente, caeu o médico ó chan acabando así nas mans da morte.

As andanzas do xastriño miúdo

Tiña un xastre un fillo, un rapaz non máis grande có dedo polgar polo que lle chamaban Miudiño; non lle faltaban, sen embargo, valentía e coraxe, e díxolle a seu pai un día:

—Pai, é a miña obriga marchar a andar mundo.

—Paréceme ben, fillo —dixo o home. Colleu unha longa agulla e, na chama dunha candeia, fíxolle arredor un puño de cera—. Aquí tes unha espada para o camiño.

Antes de partir, quixo o xastriño xantar unha vez máis coa familia e brincou á cociña para ver qué preparara de despedida a señora Mamá. Pero xa a nai fixera a comida, e a pota estaba enriba do fogón. Entón preguntou:

—Señora Mamá, ¿que temos hoxe para xantar?

—Mira ti mesmo —respondeu a nai.

E o Miudiño brincou ó fogón e quixo axexa-lo que había na pota, pero estarricou de máis o pescozo, engancho o vapor do caldo e arrastrouno pola cheminea arriba. Por uns segundos voou sobre o fume, ata que finalmente aterrou no chan. Agora xa estaba no mundo real; primeiro vagou por aí e chegou a entrar de aprendiz de xastre. Pero a comida non lle parecía ó rapaz nada boa.

—Señora, se non nos dá unha comida mellor —díxolle á ama—, hei escribir na porta principal: *moita pataca e pouca carne, aquí non serei nunca grande*, e marcharei.

—¿Que raio quererás ti, piollo saltón? —dixo a muller, encolerizada; e, acto seguido, colleu un pano e quixo baterlle con el.

O noso xastriño arrastrouse rapidamente debaixo dunha alferga, asomou a cabeza e botoulle a lingua. Ela levantou a alferga para atrapalo, pero xa el brincara por entre os retallos, e cando a muller empezou a separalos coma unha tola buscándoo, coouse por unha fenda que había na mesa e berroulle:

—¡Ei, ei, señora! —el asomaba a cabeza e, cando ela lle quería bater, metíase no caixón. Ó cabo colleuno, e botouno da casa.

O xastriño comezou a camiñar, e chegou a unha grande fraga; alí deu cunha banda de ladróns que planeaban rouba-lo tesouro real. Cando viron o xastriño, pensaron: "Un coma este pode meterse pola pechadura e servirnos de ganzúa."

—¡Ei, ti, xigante Goliat! —berrou un deles— ¿Quieres vir rouba-lo tesouro real connosco? Ti ben podes meterte dentro e botárno-las moedas pola ventá.

O xastriño reflexionou; finalmente dixo si, e foi con eles á cámara do tesouro. Alí observou a porta de arriba a abaixo para ver se atopaba algunha fenda pola que coubese; axiña descubriu unha suficientemente grande, e comezou a rubir ata ela. Un dos dous vixías da porta viu-no e díxolle ó outro:

—¿Que raio de araña noxenta está a se arrastrar pola porta? Hai que esmagala.

—¡Veña, deixa a araña en paz, que non che fixo mal! —díxolle o compañeiro.

Así, Miudiño conseguiu entrar na cámara, abriu a fiestra e comezou a botarlles moedas ós ladróns, que esperaban alí debaixo.

Cando o xastriño estaba no mellor do seu traballo, oíu que chegaba o rei, que quería comproba-lo estado das súas riquezas, e ocultouse lixeiro. O rei decatouse que faltaban moitas moedas de ouro, pero non imaxinaba quen podería levalas, pois que as pechaduras e mailos pasadores estaban en perfectas condicións e todo parecía ben custodiado. Daquela marchou, e díxolles ás seus sentinelas:

—Poñede moita atención, que anda alguén tralos meus cartos.

E así, en retomando Miudiño o seu traballo, sentiron os gardas que se movían as moedas cun clin, clan, clin, clan. Entraron rapidamente na cámara para colle-lo ladrón, pero o xastriño, que xa os sentira vir, foi máis

rápido e agochouse nun recanto, tapándose cunha moeda, de xeito que non se vía nada del.

—¡Aquí estou! —berrou, facendo mofa dos vixías. Estes correron ó sitio; pero, ó chegaren, xa o xastre saltara para outro recanto agochándose baixo das moedas.

—¡Ei, aquí estou! —voaron alí as sentinelas, e xa o xastriño estaba nun terceiro recanto.

—¡Ei! ¡ Ei, aquí estou! —berrou unha vez máis.

E burlouse así dos gardas e mareounos, ata que eles cansaron e marcharon. A continuación, botou as moedas para fóra, unha tras doutra, e en chegando á derradeira lanzouna con tódalas súas forzas, pegou un brinco para subir á mesma e saíu voando pola ventá. Os ladróns loárono moitísimo.

—Es un grande heroe —dixéronlle—. ¿Gustaríache se-lo noso xefe?

O Miudiño deu as gracias polo ofrecemento pero dixo que primeiro quería ver mundo. Despois repartiron o botín; mais o xastriño non colleu nada máis que un ochaviño, xa que era todo canto podía levar consigo.

E así, axustou ben a espada ó corpo, despediuse dos ladróns e puxo terra de por medio. Traballou de aprendiz con outros artesáns, pero non lle acababa de gusta-los oficios, así que finalmente empregouse de mozo nunha pousada. Mais as criadas non o soportaban porque vía todo o que facían en privado sen se decataren elas e despois contáballes ós amos o que as tales collían dos pratos ou da despensa. Entón dixéronlle estas:

—Espera, espera, que xa pagarás por todo isto —e acordaron entre elas facerlle unha xogada en canto puidesen.

E foi así como un día, unha das rapazas estaba apañando herba cando o viu saltando por alí, entre as plantas. Rapidamente, cortou por onde estaba el e meteu o monllo nun pano grande para botalo no comedeiro das vacas. Seguidamente, tragouno unha vaca negra sen magoalo. Pero a el non lle gustaba nada aquel sitio, poia que estaba todo moi escuro e non había luz. Cando muxiron a vaca, berrou:

—Pachín, pachán, pacheiro, ¿está xa cheo o caldeiro? —pero, debido ó ruído de muxir, ningún o entendeu.

Despois entrou o amo na corte, e dixo:

—Mañá habemos mata-la vaca aquela.

O Miudiño colleu medo, e berrou:

—¡Deixádeme saír primeiro que estou aquí dentro!

O amo oíuno, pero non sabía de onde viña aquela voz.

—¿Onde estás?

—Na negra —respondeu, mais o amo non entendeu o que quería dicir con aquilo da "negra", e marchou.

Á mañá seguinte mataron a vaca. Por sorte, non lle caeu ningunha coitelada enriba cando a cuartearon e despezaron; e el quedou no medio da carne para picar. Como viña o carniceiro face-lo seu traballo, Miudiño berrou con tódalas súas forzas:

—¡Non fagas cortes fondos que estou aquí debaixo!

Ora, por mor do ruído da macheta, tampouco o escoitaron desta vez. Agora si que estaba en apuros, e saltou tan lixeiro dun lado a outro, entre coitelada e coitelada, que non lle rozou nin unha soa e saíu ileso do asunto, pero tampouco puido fuxir. Non había outra solución: tería que ir cos picóns de febras e touciño para face-los chourizos. Sendo alí o seu acubillo un algo estreito, e aínda colgaron os chourizos riba da lareira

para afumalos: os minutos e mesmo os segundos facíanselle interminables.

Finalmente, descolgárono no inverno para obsequiar a un visitante. Cando a ama o estaba a cortar en anacos, Miudiño puxo moita atención en non asomar moito a cabeza, non fose o demo que lle atinasen no colo; ata que, ó cabo, chegou a súa oportunidade: respirou aliviado e saltou para fóra.

Como o xastriño non quería ficar nesta casa na que lle saíran as cousas tan atravesadas, botou outra vez a andar mundo. E atopou cun raposo que o atrapou coa boca sen querer.

—¡Señor raposo! —berrou—, son eu o que está atrancado na súa gorxa, déixeme en liberdade.

—Levas razón —contestou—, ti non me enche-lo dente; se prometes darme tódalas galiñas que teu pai ten no curral, déixote marchar.

—Xúroo polo que máis queira —respondeu Miudiño—. Poderá ter tódalas galiñas, doulle a miña palabra.

E así, liberouno o raposo e levouno el mesmo de volta á casa. Cando o pai volveu ve-lo seu meniño, entregoulle encantado tódalas galiñas ó raposo.

—Por iso che trouxen esta moeda tan bonita —dixo, e deulle ó pai o ochaviño que conseguira nas súas andanzas.

—¿Por que recibiu o raposo as pobres churras como xantar?

—¡Ei, parviño, teu pai prefire te-lo seu rapaz na casa antes que as galiñas no curral!

O amado Roland

Unha vez era unha muller, unha bruxa en realidade, que tiña dúas fillas: unha malvada e fea, á que lle quería ben por se-la súa filla natural, e outra bonita e boa, á que odiaba por se-la súa fillastra. Sucedeu un día que a fillastra tiña un mantelo moi bonito; a outra envexábao e esixiulle a súa nai que ese mantelo fose seu.

—Tranquila, nena, o mantelo ha ser para ti —dixo a vella—. A túa media irmá xa hai tempo que merece a morte. Hoxe pola noite, cando estea durmindo, hei entrar no cuarto e cortareille a cabeza. Ti déitate na parte de atrás da cama e empúxaa a ela ben adiante.

E así morrería a fillastra se non estivese agochada nunha esquina e escoitase todo. Non se lle permitiu saír da casa en todo o día; e, ó chega-la hora de durmir, tivo que ir ela primeiro para á cama para que así a pérfida irmá se deitase detrás. Pero en canto esta quedou durmida, a rapaza boa empuxouna cara a adiante e deitouse ela na parte de atrás. Durante a noite, entrou a vella nas puntas dos pés levando unha machada na man dereita e apalpando coa esquerda para busca-la súa vítima. Cando creu que a encontrara, agarrou a machada coas dúas mans e bateu e bateu ata que decapitou a propia filla.

En canto a madrasta marchou, levantouse lixeira a rapaza e correu onda o seu namorado, que se chamaba Roland, petando na súa porta:

—¡Escoita, querido Roland, temos que fuxir xa! A miña madrasta asasinou a súa filla pensando que ela era eu. En canto saia o sol e vexa o que fixo, estamos perdidos.

—Pero, aconsélloche —dixo Roland— que collas primeiro a súa variña máxica, senón non teremos posibilidades de sobrevivir cando saia a darnos caza.

A rapaza colleu a variña, e despois a cabeza decapitada, deixando caer no chan tres gotas de sangue: unha diante da cama, outra na cocíña, a outra nas escaleiras. E despois fuxiu co seu amado.

Pola mañá, en canto a vella bruxa se ergueu, comezou a chamar pola súa filla para darlle o mantelo, pero ela non viña.

— ¿Onde estás? –berrou.

—¡Aquí, nas escaleiras que varro! –dixo unha das pingas de sangue. E a vella saíu pero non viu a ninguén nas escaleiras.

—¿ Onde estás? –berrou outra vez.

—¡Aquí, na cociña, á beira da lareira para quentarme! –berrou a segunda pinga. Alá foi a vella á cociña, e tampouco viu a ninguén.

—¿Onde estás? –chamou de novo.

—¡Aquí, na cama onde durmo! –dixo a terceira pinga.

A muller correu cara ó cuarto e, ó achegarse á cama ¿que foi o que viu? A súa filla propia, a quen ela mesma lle cortara a cabeza, no medio dunha poza de sangue.

A bruxa berrou coa rabia, saltou á ventá e alcanzou a ver moi, moi lonxe a fillastra fuxindo co seu amado Roland.

—¡Iso non vos ha salvar! –berrou—. ¡Aínda que esteades tan lonxe, non conseguiredes fuxir de min!

Rapidamente calzou as botas de sete leguas, coas que avanzaba unha hora con cada paso, e en seguida os alcanzou. Pero a rapaza, en canto viu chega-la vella alancando, coa variña máxica transformou a Roland nunha lagoa e a si mesma nun pato nadando nela. Cando chegou a bruxa, sentou nunha ribeira e quixo atrae-lo pato botándolle pan, pero tódalas tentativas foron inútiles. Ó solpor, tivo que marchar sen acada-lo seu propósito. Os dous mozos tomaron de novo forma humana e continuaron a súa viaxe toda a noite ata abri-lo día. Entón converteuse a rapaza nunha fermosa flor situada no medio dunha silveira e o seu namorado Roland nun violinista. Pronto chegou a vella e preguntoulle ó músico:

—Señor Violinista, ¿podería cortar esta fermosa flor?

—¡Claro! –respondeu—, e eu tocarei para acompañar.

A vella arrastrouse ás présas ata a silveira e intentou corta-la flor; ben sabía ela quen era esa flor. Entón comezou o músico a tocar, e a vella botou a bailar e bailar sen poder deterse, xa que aquela música era máxica. Canto máis tocaba Roland, con máis ansia bailaba a vella. As espiñas esgazáronlle primeiro as roupas e despois craváronse no corpo causándolle feridas, e como el non paraba de tocar, caeu finalmente morta.

Agora xa eran os dous libres e Roland díxolle á rapaza:

—Irei onda meu pai para comezármo-los preparativos da voda.

—Entre tanto, eu ficarei aquí. Transformareime nunha rocha vermella para que ninguén me recoñeza e agardarei polo teu regreso.

Roland marchou, e ela converteuse en pedra vermella e esperou polo seu namorado. Pero cando el chegou á vila, caeu baixo o feitizo doutra moza e esqueceu a pobre rapaza. Ela esperou moito tempo, e como Roland non regresaba, chea de tristeza, transformouse nunha flor, pensando: "Seguro que ha virá alguén pronto, e pisarame". Sen embargo, sucedeu un día que un pastor, coidando das súas ovellas, viuna e pareceulle tan fermosa que a cortou, levouna con el e púxoala no seu caixón. Dende ese momento, ocorréronlle na casa cousas marabillosas. Cando espertaba pola mañá, todo estaba feito: o chan estaba varrido, as mesas e os bancos fregados, o lume aceso na lareira e xa trouxeran a auga. Cando volvía para xantar, tiña a comida feita e a mesa posta e servida. O home non podía imaxinar que era o que estaba a pasar, pois que nunca vía a ninguén alí e tampouco había sitio naquela pequena cabana para que alguén se

escondese.

Ó principio gustáballe esta servidume, pero finalmente tivo medo e decidiu pedir consello a unha meiga. Esta dixo:

—Debe de haber un meigallo ou un encantamento detrás de todo iso. O que tes que facer é prestar atención pola mañá, observar se algo se move no cuarto, e, se é así, botarlle rápido un pano branco e acabará o encantamento.

Así, á mañá seguinte, cando o caixón se abriu e a flor saíu, o pastor brincou cara a ela e botoulle o pano enriba, tal como lle dixerá a meiga. Ó instante desfíxose o feitizo e alí apareceu a fermosa rapaza esquecida polo seu Roland; ela recoñeceu que fora a flor e que se ocupara da casa. Contoulle tódalas súas desgracias; e o pastor, como lle gustaba, preguntoulle se casaría con el.

—¡Non! —dixo ela, xa que quería seguir sendo fiel ó seu amado Roland sen importarlle que el a deixase, pero prometeulle non marchar e ficar no sitio para coida-la casa.

E chegou o momento no que se ía celebra-la voda de Roland. Seguindo vellas usanzas, fíxose saber en toda a comarca que tódalas mozas debían presentarse para cantar en honor da parella. A boa da rapaza, cando o soubo, púxose tan triste que sentiu que lle caía a alma ós pés; non quería ir, pero viñeron igual buscala. Cando lle ía chegando a vez de cantar, retrocedía na fila pero, finalmente, tivo que facelo. En canto comezou o seu cántico, recoñeceu a Roland, brincou da cadeira e berrou:

—¡Eu coñezo esa voz, esa é a miña verdadeira moza, non casarei con outra!

Todo aquilo que esquecera e que desaparecera da súa memoria, regresou de súpeto ó seu corazón. E así, a boa rapaza casou co seu namorado Roland, sendo isto o final das súas miserias e o principio da súa felicidade.

Xente espelida

Colleu un día un labrego un caxato que tiña nun recanto e díxolle á muller:

—Maruxa, vou saír e non estarei de volta ata dentro de tres días. Se se presenta o tratante de gando e quere merca-las nosas tres vacas, podes venderllas, pero que che dea polo menos douscentos reais, ¿entendido?

—Vaite con Deus, meu home —dixo ela— que así o farei.

—¡Farás, farás! Cando eras nena —engadiu o labrego— caíches de cabeza no chan e aínda che dura o efecto do golpe. Pero avísote ben: como fagas algunha parvada... ¡póñoche o lombo morado, e non con pintura, senón con este caxato que levo na man, e conta con que che dure a cor un ano enteiro! —e marchou.

Á mañá seguinte presentouse o tratante de gando, e a muller non tivo que molestarse moito en convencelo. Unha vez que viu as vacas e escoitou o prezo dixo:

—Pagarei iso a gusto, xa quen ben valen isto. Levarei os animais comigo agora mesmo.

Desatou a corda das vacas e botounas fóra da corte. E cando estaba a piques de saír pola porta do curral, agarrouno a muller por un brazo e díxolle:

—Ten que me pagar primeiro os douscentos reais, senón non podo deixalo marchar.

—Ten razón, pero esquecín colle-la bolsa dos cartos. Aínda así non se preocupe, para que quede tranquila déixolle unha vaca de fianza e levo as outras dúas comigo. ¡Así terei que volver por ela!

A muller convenceuse, deixouno marchar cos animais e pensou: "Que contento se vai poñer-lo meu Xan

cando vexa que bo negocio fixen".

Ó terceiro día, o labrego regresou tal e como prometera, e o primeiro que fixo foi preguntarlle se vendera as vacas. A muller contestou:

—Claro que si, Xan, e como ti dixeras, por douscentos reais. En realidade non valen tanto, mais el aceptou sen dar un chío.

—¿E onde están os cartos? —preguntou o labrego.

—Aínda non os teño —contestou—. O home esquecera a bolsa pero vaimos traer pronto. Deixoume unha boa fianza.

—¿Que fianza? —interesouse o labrego.

—Unha das tres vacas —explicou a muller—, e non a terá ata que pague as outras dúas. E, como fun espelida, quedei coa máis pequena que é a que menos come.

O home púxose rubio coa rabia, colleu o seu caxato e xa lle ía propinar a prometida tunda, cando baixou de repente o brazo e dixo:

— E-la muller máis parva que hai debaixo das estrelas, pero dáme pena. Hei saír ó camiño durante tres días e esperarei a ver se atopo alguén máis parvo ca ti. Se é así, non che pasará nada, pero senón levaralo teu merecido.

O labrego saíu ó camiño, sentou nunha pedra e esperou a ver qué pasaba. Entón viu chegar un carro de bois conducido por unha muller que ía de pé enriba del, en vez de ir sentada na palla que levaba ou camiñando de par das bestas e guialas. O home pensou: "Esta debe ser desas que eu busco"; brincou do sitio e púxose a correr coma un tolo, dun lado para outro, diante do carro. A muller preguntoulle:

—¿Que quere, compadre? Non o coñezo, ¿ de onde é?

—Caín do ceo —contestou o home— e non sei cómo hei regresar. ¿Non me podería levar vostede?

—Eu non —dixo a muller—, que non sei o camiño. Pero se vostede vén do ceo, ben seguro que coñece o meu home, que xa vai para tres anos que está alí. ¿El non o vería?

—Pois claro que o vin, aínda que non lle pode ir ben a todo o mundo, ¿non si? El ten que coida-las ovellas e danlle moito traballo. Escapan por aí, pérdense por entre os outeiros e ten que correr tras delas para xuntalas. Xa racharon as roupas que levaba, e está a piques de quedar nu. Tampouco hai xastres no ceo para remenda-lo asunto. ¡E San Pedro non deixa entrar a ningún, como xa saberá polos contos!

—¡Quen o ía pensar! —exclamou a muller—. ¿ Sabe que? Vou colle-lo seu traxe dos domingos, que aínda está colgado no armario, para que vista como Deus manda. A vostede seguro que non lle importa levarllo.

—Non, non pode ser. Non se permite levar roupa ó ceo e, de feito, xa a requisan na porta.

—Escoite. Onte vendín un bo trigo e teño uns cartiños que lle quero mandar. Se vostede agocha ben a bolsa no seu peto, ninguén se ha decatar.

—Ben, pois se ten que ser, será. Cumprireille o gusto —dixo o labrego.

—Sente aquí que vou colle-los cartos á casa e volvo nun instante. Eu non sento na palla, vou de pé para que os animais bestas leven menos traballo a tirar —dixo a muller, aguilloando os bois.

Entrementres, o labrego pensaba para si: "Esta muller non é moi ben dada. Se me trae os cartos, ten sorte a miña muller que se salva dunha tunda". Non tivo que esperar moito ata que a muller regresou correndo cos cartos, púxollos no peto ela mesma e, antes de marchar, agradeceulle moitísimo a súa amabilidade.

Cando ela volveu para a casa, encontrou o seu fillo que viña de traballar nas leiras. Contoulle a súa extraordinaria experiencia e engadiu:

—Alégame atopa-la oportunidade de mandarlle algo ó meu pobre home. Quen podería imaxinar que ía ter falta de algo no mesmísimo ceo?

—Miña nai —dixo o fillo, marabillado pola historia—, non vén alguén do ceo tódolos días. Vou saír agora mesmo e ver se aínda está alí. Quero que me conte cómo é o ceo e cómo funciona aló o do traballo.

Púxolle a sela ó cabalo e partiu a toda présa. Encontrou ó labrego sentado debaixo dun salgueiro, que se dispoñía a conta-los cartos. O rapaz preguntoulle:

—¿Vostede non vería o home que caeu do ceo, verdade?

—Si —contestou o labrego. Xa emprendeu o camiño de volta, e acaba de subir a aquela montaña, de onde xa lle queda preto o ceo. Se apura, ó mellor aínda pode collelo.

—¡Ai! Estou mallado de traballar todo o día, e a viaxe ata aquí fatigoume moito. Vostede coñece o home, ¿non si? Se fose tan amable, eu deixaríalle o meu cabalo e vostede podería convencelo para que volvese ata aquí.

O labrego pensou: "Este é outro con menos cerebro ca un mosquito". E dixo:

—¿E por que non o ía compracer? —e marchou galopando a toda présa co cabalo.

O rapaz esperou ata o solpor, pero o labrego non regresou. Entón pensou: "Seguramente o home do ceo tiña présa e non quixo volver. O labrego daríalle o cabalo para meu pai". Volveu para á casa, e contoulle a súa nai o que pasara.

—O cabalo —explicou— mandeillo ó pai para que non teña que andar a correr seguido.

—¡ Ben feito! —exclamou a nai—. Ti aínda es novo, e ben podes ir a pé.

Cando o labrego chegou á casa, atou o cabalo na corte, de par da vaca da fianza, foi onda a muller e díxolle:

—Maruxa, tiveches moita sorte. Encontrei dúas persoas aínda máis parvas ca ti. Por esta vez, non che arreo —acendeu unha pipa, sentou no arrandeadoiro e seguiu— gardareino para outra ocasión. Fixen bo negocio: por dúas vacas fracas, un bo cabalo e unha bolsa chea de cartos. ¡Se a estupidez proporcionase sempre tanto, ben me dignaría a honrala!

Así pensaba o labrego, pero vós seguro que lle queredes mellor á xente simple.

Os catro irmáns habilidosos

Era unha vez un home pobre que tiña catro fillos e, cando se fixeron homes, díxolles:

—Queridos fillos, tedes que ir gaña-lo pan, xa que eu non teño que darvos. Partide, aprendede un oficio e facede pola vida.

E así, colleron os irmáns cadanseu caxato, despedíronse do pai e partiron xuntos. Pasado un tempo chegaron a unha encrucillada que se abría en catro direccións. O máis vello dos irmáns dixo:

—É hora de separármonos para proba-la nosa sorte. Dentro de catro anos xuntarémonos de novo aquí.

Así, proseguiu cada un o seu camiño; e, ó pouco tempo, o máis vello deles deu cun home que lle preguntou

para ónde ía e qué quería facer.

— Quero aprender un oficio— contestou.

—¡Pois ven comigo e faite ladrón!

—Non –díxolle–, iso non é traballo honrado; e, ó final, acabarei pendurando de calquera árbore, coma o badalo dunha campá.

—Non lle temas á forza. Eu ensinareiche como coller cousas que ninguén pode conseguir e sen deixar rastro.

Deixouse convencer para adestrarse na tarefa de roubar, e chegou a ser un ladrón tan hábil que se facía con todo aquilo que lle viñese en gana ter.

Do mesmo xeito, o segundo irmán deu cun home que tamén lle preguntou qué quería facer neste mundo.

—Aínda non o sei –contestou el.

—Ven comigo e aprende a observa-las estrelas. Non hai nada mellor ca eso porque nada hai que escape á nosa mirada –explicoulle o home.

Ó rapaz gustoulle a idea, e chegou a ser un astrónomo tan bo quen cando aprendeu de todo o oficio e quixo marchar, o seu mestre regaloulle un prismático.

—Poderás ver con el todo o que suceda no ceo e na terra, e nada haberá que poida agocharse á túa mirada –díxolle.

O terceiro irmán foi de aprendiz dun cazador; tivo un bo mestre e aprendeu todo o que se podía aprender. Cando se despediron, o mestre regaloulle un escopeta e díxolle:

—Nunca falla o obxectivo. ¡Sempre has acertar naquilo ó que apuntes!

Da mesma maneira, o irmán máis novo deu cun home que lle fixo a mesma pregunta:

—¿Non tes gana de ser xastre?

—¡Vaiche boa! ¡Eu, sentado coas pernas cruzadas todo o día, agulla en man dun lado para outro e pasando o ferro sen parar!

—Non, non che é así o conto –retrucoulle o home–. Comigo aprenderás un xeito de coser totalmente diferente, decente e incluso ás veces bastante loado.

Así que, deixouse convence-lo rapaz, foi con el e aprendeu o oficio de principio a fin. Cando rematou a súa aprendizaxe, recibiu unha agulla do seu mestre.

—Con ela podes coser todo o que queiras –explicoulle este– tanto se for mol coma un ovo ou duro coma o aceiro, e hase converter nun todo no que non se percibirá nin sequera un punto.

Ós catro anos, xuntáronse ós irmáns a un tempo na encrucillada, abrazáronse, bicáronse e regresaron onda o pai.

—¿Seica o Noso Señor vos trouxo de novo a min?

E cada un dos fillos contou a súa experiencia e mailo que aprendera.

Sentaron debaixo dunha grande árbore, en fronte da casa, e dixo o pai:

—Quero comproba-lo que sabedes.

E, ollando para arriba, díxolle ó segundo fillo:

—No cume desa árbore, entre dúas pólas, hai un niño de pimpín. Dime cantos ovos ten.

O astrónomo sacou o seu prismático, observou e dixo:

—Hai cinco.

—Vai e baixa os ovos, sen molestar ó paxaro que os choca —díxolle ó fillo máis vello.

O ladrón subiu, colleulle os ovos ó paxaro, que non se decatou e ficou alí tranquilo, e levoullos ó pai, quen puxo un en cada esquina da mesa e o quinto no medio.

Daquela díxolle ó cazador:

—Cun só disparo parte os cinco ovos xusto á metade.

O cazador colocou o súa escopeta e disparou como mandara o pai: os cinco dunha soa volta. E sábese ben porque a pólvora virou en cada esquina.

—Agora é a túa vez —díxolle ó máis novo—. Cose os ovos e os paxariños que están dentro, pero de xeito que non quede rastro do disparo.

O xastre colleu a súa agulla e coseu como se lle mandou. Cando acabou, tivo o ladrón que levar de novo os ovos ó niño sen que se decatase o paxaro, que seguiu chocando os ovos ata que romperon un par de días máis tarde. Podíase ver no pescozo dos paxariños unha pequena raia vermella, xusto onde os cosera o xastre.

— Si —díxolle o pai ós fillos—. Teño que loa-las vosas habilidades; realmente aproveitáste-lo tempo e aprendestes algo como Deus manda. Non podo dicir que un sexa mellor có outro, pero isto xa se verá en canto teñáde-la oportunidade de demostralo.

Pouco tempo despois, houbo un grande rebumbio no país porque se dicía que un dragón secuestrara a princesa. O rei, que xa non durmía, fixo saber que, quen a trouxese de volta, casaría con ela. Os catro irmáns dixeron:

—Sería unha boa ocasión para proba-las nosas habilidades.

E decidiron partir xuntos a rescatala.

—Heivos dicir agora onde está —dixo o astrónomo, mirando polo seu prismático—, xa a vexo. Está moi, moi lonxe, sentada nunha rocha no medio do mar e, á súa beira, o dragón que a vixía.

Foi entón a xunto do rei e pediulle un barco para el e os seus irmáns, e viaxaron nel polo mar ata chegaren á rocha. Alí estaba sentada a princesiña, pero o dragón durmía deitado no seu colo.

O cazador dixo:

— Non podo disparar, pois mataría tamén á fermosa rapaza.

—Probarei eu sorte —dixo o ladrón.

Escorregou ata alí e roubouna de debaixo do dragón, con tanta habilidade e suavidade, que este non se decatou de nada e seguiu a roncar. Todos contentos e a correr, subiron ó barco e marcharon; pero en canto o dragón espertou e viu que faltaba a princesa, anoxouse moitísimo e voou tras eles, botando fume polo nariz. Cando alcanzou o barco, quixo pousar enriba del, e xa estaba a piques de afundilo cando o cazador lle

disparou no medio do corazón. O monstro caeu, pero como era tan grande e pesado partiu o barco en mil cachos. Por sorte, os mozos botaron man dun par de táboas e, agarráronse a elas para non afogaren naquel inmenso mar. Pero xa o xastre collera a súa agulla máxica, sentou nunha das táboas e recolleu tódolos cachos do barco. En pouco tempo, o barco estivo en condicións de navegar. E volveron á casa.

O rei virou louco de felicidade cando viu a súa filla, e díxolle ós irmáns:

—Un de vós poderá toma-la princesa como esposa: tedes que decidir quen entre os catro.

Como todos a querían, os irmáns tiveron unha forte rifa.

—¡Se eu non a vise co meu prismático de nada servirían as vosas habilidades, así que son eu quen merece a princesa! —dixo o astrónomo.

—¡De que había vale-lo teu prismático se eu non lla roubase ó dragón! ¡A princesa será miña! —dixo o ladrón.

—¡Se eu non lle disparase ó monstro, mataríavos a vós e mais a ela! ¡A princesa será miña! —dixo o cazador.

—¡Pois se eu non cosese as táboas do barco —argumentou o xastre—, estariades todos afogado! ¡A princesa será miña!

—Todos fostes necesarios e todos merecéde-la princesa — falou o rei—; pero como non podeades te-la rapaza os catro, non a terá ningún. Como recompensa dareivos parte do meu reino.

Os irmáns mostráronse de acordo e dixeron:

—Mellor así que quedarmos inimigos .

E así pasou a ter cada un unha parte do reino, e viviron co pai felices o resto dos seus días.

O home de ferro

Unha vez vivía un rei nun pazo situado á beira dun grande bosque no que había toda caste de bestas. Un día, enviou este rei un cazador ó bosque para que cazase un cervo, pero o home non regresou máis. O rei pensou: " Quizais lle pasou algo". Así que, o día seguinte, enviou outros dous cazadores a buscalo. Pero tamén estes desapareceron. Así, o terceiro día, reuniu a tódolos cazadores e díxolles:

—Rastrexade tódolos currunchos do bosque e non volvades ata que encontréde-los tres.

E tampouco regresou nin un destes cazadores á casa, nin volveu ver ninguén os cans que levaban. Dende ese momento, xa ninguén se atreveu a ir a este bosque; e daquela, reinou alí gran calma e soidade, vendo só que pasaban esporadicamente cara ó sitio algunha aguía ou algún azor.

E así foi durante moitos anos, ata que chegou un cazador de fóra que se presentou ante o rei a pedir mantenza e ofreceuse para ir ó perigoso bosque. O rei non quería da-lo seu consentimento, e dixo:

—O bosque non é seguro. Temo que che suceda o mesmo cós outros e que non regreses xamais.

—Señor, atrévome a corre-lo risco, pois que eu non coñezo o medo —retrucou o cazador.

E así penetrou no bosque co seu can, o que axiña deu cunhas pegadas de animal salvaxe e comezou a seguilas. Pero, aínda ben non andara uns metros cando deu cun profundo pantano no que se perdían as pegadas. De pronto, emerxeu da auga un brazo nu, colleuno e levouno ás profundidades. O cazador, que

observara todo atentamente, regresou ó pazo e volveu con tres homes, e, entre todos, baleiraron a auga do estanque utilizando caldeiros. Cando albiscaron o chan, viron un home de cor marrón coma a ferruxe, cuns cabelos tan longos que lle caían por diante da face e lle chegaban ós xeonllos. Atárono con cordas e levárono ó pazo, onde se levantou unha grande expectación por aquel home salvaxe. O rei mandou que fose encerrado nunha gaiola de ferro, que se puxo no patio do pazo, e prohibiu, baixo pena de morte, abri-la porta. A chave gardouna a mesma raíña; e así, a xente xa puido volver ó bosque sen medo.

O rei tiña un fillo de oito anos e, cando andaba a xogar coa pelota de ouro no patio, caeulle esta dentro da gaiola. O neno foi correndo ata alí e dixo:

— Devólveme a miña pelota.

—Non, tes que me abrir primeiro a porta —respondeu o home.

—Non, non o farei, o rei prohibiuno —dixo o neno, e marchou.

O día seguinte, volveu o neno á gaiola para reclama-la súa pelota.

—Ábreme a porta —dixo o home, pero o rapaz negouse.

Ó terceiro día, estando o rei de caza, achegouse unha vez máis o neno á gaiola e dixo:

—Aínda que quixese, non podería abri-la porta porque non teño a chave.

—Atoparala debaixo da almofada da túa nai —explicou o home salvaxe.

O rapaz, que quería recuperar como fose a súa pelota, esqueceu tódalas prohibicións, trouxo a chave e, como a porta era difícil de abrir, trillou un dedo. Pero nada máis abri-la, o home devolveulle a pelota e fuxiu correndo. O rapaz colleu medo e suplicou:

—¡Ei, home salvaxe! Non fuxas, senón vanme dar unha tunda.

E o home salvaxe deu volta, subiuno ós ombros e levouno con el para o bosque.

Cando o rei regresou da caza, viu que a gaiola estaba baleira e preguntoulle á raíña que sucedera. Ela, que non sabía nada, buscou a chave pero non a atopou. Chamou polo rapaz, pero non houbo resposta. O rei enviou a súa xente para que o buscasen por campos e montes, mais ninguén deu con el. Entón, xa puido imaxina-lo acontecido; e, dende aquel momento, apoderouse unha gran tristura do pazo real.

Entrementres, o home salvaxe chegou de volta á lúgubre fraga, baixou o rapaz ó chan e díxolle:

—Non volverás ver a teus pais; pero, xa que me liberaches, hei ter compaixón de ti. Quero que fiques aquí comigo. Se fas todo o que che diga, non terás problemas. Ouro e alfaias non me faltan: teño máis ca ninguén no mundo. E fixo un leito de carriza para o neno.

O día seguinte, foi con el a unha fonte e díxolle:

—A fonte dourada é relucente e transparente coma o cristal. Será tarefa túa sentar aquí e prestar atención para que non caia nada dentro, senón quedará profanada. Hei vir cada día, ó solpor, para comprobar se cumpriche-las miñas ordes.

O rapaz sentaba na fonte, vía, ás veces, algúns peixes e serpes dourados nadando e atendía ben para que nada caese. Unha vez, de súpeto, empezou a doerlle tanto un dedo que o meteu na auga inconscientemente, e aínda que o quitou rápido, xa era tarde de máis e o dedo era agora de ouro. O rapaz procurou por tódolos medios seca-lo ouro, pero os seus intentos foron inútiles. Coa caída do sol, chegou o home de ferro, mirou para o neno e preguntou:

—¿Que lle sucedeu á fonte?

—¡Nada, nada! —exclamou o neno, agochando o dedo dourado tralo lombo para que non llo vise.

—Metíche-lo dedo na auga —sentenciou o home de ferro—. Por esta vez, perdóoche; pero ¡procura que non volva caer nada dentro!

Á mañá seguinte, xa ó amencer, o neno sentou outra vez na fonte a mirar por ela. O dedo aínda lle doía e levouno á cabeza, con tan mala sorte que caeu un pelo na auga. O rapaz colleuno rapidamente pero xa este se convertera en ouro. Cando chegou o home de ferro, quen xa sabía o que sucedera, díxolle:

—Deixaches que caese un pelo na fonte. Non te castigarei agora, pero como ocorra unha terceira vez, a fonte quedará profanada e xa non poderás permanecer aquí.

Ó terceiro día, sentou o rapaz na fonte e non moveu o dedo, sen lle importar canto lle doese. Pero o tempo facíase interminable, e púxose a mira-lo reflexo do seu rostro na auga. E cando máis se dobrou para verse ben os ollos, caeulle o longo cabelo na auga. Ergueuse axiña, pero demasiado tarde: o cabelo era completamente dourado e relucía coma o sol. Xa podedes imaxina-lo medo que lle entrou ó rapaz. Colleu un pano e botouno por riba da cabeza para que o home de ferro non lle vise o pelo. Pero cando este chegou, sabendo xa o que acontecera, ordenoulle saca-lo pano. O cabelo dourado quedou ó vento, e de nada valeron as escusas:

—Non superáche-la proba, e xa non podes ficar aquí. Marcha e camiña polo mundo; así vera-lo que é ser pobre. Pero como non tes mal corazón e eu quero o teu ben, vouche conceder unha cousa: cando precisas axuda, corre ó bosque e berra: "¡Home de ferro!". Acudirei inmediatamente. O meu poder é grande, máis do que ti pensas, e teño ouro e prata en abundancia.

Así, o fillo do rei abandonou o bosque e camiñou e camiñou ata chegar a unha gran cidade na que buscou traballo; pero, como non aprendera oficio, non encontrou ningún. Finalmente, foi ó pazo e preguntou alí se podería servir en algo. A xentes do pazo non sabían en que poderían empregalo; pero compracéulle-lo rapaz e permitiron que ficase. Tomouno ó seu servizo o cocifeiro, e ordenoulle que trouxese auga e leña e limpa-la cinza. Unha vez que non había xente dispoñible, mandoulle servi-las viandas na mesa real. Como non quería que se lle vise o cabelo dourado, o rapaz non sacou o gorro. O rei, que nunca tal cousa vira, díxolle:

—Cando veñas á mesa real, has de descubrirete.

—¡Ai, señor, non pode ser! Teño unha tiña moi grave —retrucou o rapaz.

O rei mandou chama-lo cocifeiro, reprendeuno dicíndolle cómo permitira que entrase semellante rapaz ó seu servizo e ordenoulle que o expulsase. Pero a este deulle mágoa, e cambiouno polo axudante do xardineiro.

Agora, chovese ou tronase, o rapaz tiña que coida-lo xardín, regalo, cavalo e podalas plantas. Un día de verán no que estaba a traballar el só, ía tanta calor que sacou o gorro para que o aire o refrescase. Cando os raios do sol caeron sobre o seu cabelo, desprende este unha luz e un brillo tan intensos que penetraron no cuarto da princesa, quen de seguida se ergueu a ver que era aquilo. Cando viu o mozo gritou:

—¡Ti, rapaz, tráeme un ramo de flores!

El vestiu rapidamente o gorro e apañou unhas cantas flores no prado para levarllas á princesa. Nas escaleiras topou co xardineiro, que o censurou:

—¿Como lle podes levar á filla do rei un ramo de flores cativas? ¡Corre lixeiro e trae un ramo coas flores máis bonitas e exóticas!

—¡Non, non! —replicou o rapaz—. As flores silvestres recenden máis e hanlle gustar máis.

En canto entrou na alcoba da princesa, dixo esta:

—¡Descubre a cabeza, non é apropiado que déixe-lo gorro posto!

—Non debo –contestou– teño unha tiña moi forte.

Pero a princesa colleu o gorro e sacoullo, caéndolle así o cabelo polos ombros, configurando unha fermosa imaxe. El quixo marchar, pero ela agarrouno por un brazo e deulle unha mancha de moedas de ouro. O rapaz saíu sen darlle a menor importancia ós cartos e regaloulle as moedas ó xardineiro.

—Toma, para que os teus nenos xoguen con elas.

Para o día seguinte, volveulle pedi-la princesa un ramo de flores; e nada máis entrar na alcoba, a princesa enganhoulle o gorro para arrincarlo, pero el agarrouno ben coas dúas mans. Aínda así, a rapaza regaloulle outra mancha de moedas de ouro, que el non quería, e deullas outra vez ó xardineiro para os seus nenos.

E ó terceiro día o mesmo: a princesa non foi capaz de sacarlle o gorro, e el non quixo os cartos.

Pouco tempo despois estalou unha guerra no país. O rei reuniu os seus soldados e non sabía se podería resisti-lo ataque do poderoso exército inimigo. Entón dixo o rapaz:

—Xa son grande, dádeme un cabalo para que vos acompañe á guerra.

Os outros riron e dixeron:

—Despois de marcharmos, busca un na corte que algún deixaremos para ti.

E cando partiron, foi o rapaz á corte e sacou o cabalo, ó que lle faltaba unha pata e coxeaba así: clip, clap, clip, clap. Montou nel e foi ata o escuro bosque no que vivía o home de ferro, e nada máis entrar nel, berrou tres veces "¡ Home de ferro!" tan forte que tremeron as árbores. Este apareceu alí ó momento:

—¿Que ordenas? –preguntou.

—Quero un cabalo forte para ir á guerra –contestou o rapaz.

—Terás iso e todo o que queiras.

E, dicindo isto, o home desapareceu no bosque. Ó pouco tempo, chegou un criado cun dócil cabalo que bufaba polo focíño; detrás del, un grupo de soldados, armados con ferro, relucindo as súas espadas debaixo o sol. O rapaz deulle o cabalo coxo ó criado, montou no cabalo forte e cabalgou diante do exército.

Cando chegaron ó campo de batalla, xa morrera un gran número de soldados do rei, e os poucos que quedaban vivos tiñan que retirarse. O rapaz sacou a súa espada e, coma un furacán, matou con ela a todo aquel que se lle puxo diante. Os inimigos intentaron fuxir, pero el perseguiunos ata que non quedou nin un só deles. Mais o rapaz, en vez de regresar onda o rei, levou os soldados de novo ó bosque e chamou polo home de ferro.

—¿Que ordenas? –preguntoulle.

—Toma o teu animal e os teus soldados, e devólveme o meu cabalo coxo.

E así foi, e o rapaz cabalgou no seu cabalo coxo de regreso ó pazo. Cando o rei chegou da batalla, correu ó encontro da filla que o felicitou pola súa victoria.

—Non fun eu quen gañou a guerra –explicoulle– senón un cabaleiro misterioso que me axudou co seu exército.

A princesa quixo saber quen era aquel cabaleiro, pero o rei non llo soubo dicir.

—Saíu perseguindo ó inimigo e non o volví ver.

A princesa preguntoulle polo rapaz ó xardineiro, que botou a rir e dixo:

—Acaba xusto de chegar no seu cabalo coxo. Os outros mofáronse del, dicindo: "Aí vén o noso Clipclap". E preguntáronlle despois: "¿Detrás de que silveira te deitaches a durmir?". O rapaz dixo: "Fíxeno o mellor que puiden, e sen min teriades acabado moi mal". E os outros aínda riron máis del.

O rei díxolle á princesiña:

—Quero facer unha gran festa que dure tres días e ti lanzarás unha mazá dourada; quizais así conseguiremos que se achegue o misterioso cabaleiro.

En canto se anunciou a festa, marchou o rapaz para o bosque e chamou polo home de ferro:

—¿Que ordenas? —preguntou.

—Quero apaña-la mazá dourada da princesa.

—Pódelo dar por feito —dixo o home de ferro—, levarás tamén unha armadura vermella e montarás un fermoso cabalo roxo.

Cando chegou o día, galopou o rapaz ata alí e colocouse de par dos cabaleiros de modo que ninguén o recoñeceu. A princesa saíu, tirou a mazá e só el puido apañala; pero en canto a tivo, marchou con ela. O segundo día, vestiuno o home de ferro cunha armadura branca e deulle un cabalo branco. Outra vez apañou a mazá; e, sen deterse nin un momento, marchou con ela. O rei enfadouse e dixo:

—Isto non está permitido. Ten que se presentar ante min e dici-lo seu nome.

E entón deu a orde de que, se o día seguinte volvía fuxi-lo cabaleiro que atopase a mazá, había que perseguilo; e de el resistirse a volver, atacalo. Así, ó terceiro día recibiu o rapaz un cabalo e unha armadura negra e, como non, apañou a terceira mazá. Cando quixo fuxir, seguírono os homes do rei, e un deles achegouse tanto que o feriu coa punta da espada nunha perna. Aínda así, o cabaleiro negro conseguiu escapar; mais o cabalo galopaba con tanta forza que lle caeu o helmo da cabeza e viron todos o cabelo dourado. Os homes do rei deron volta e deron conta do sucedido.

O día seguinte, a princesa preguntoulle ó xardineiro polo rapaz. E este dixo:

—Ese rapaz tan raro está a traballar no xardín. Tamén foi á festa, aínda chegou onte á noite, e ensinoulles ós meus fillos tres mazás de ouro que gañou alí.

Así, o rei esixiu que o rapaz se presentara ante el; e este entrou co gorro posto. Pero a princesa achegouse por detrás, sacoullo, e todos puideron ve-lo seu cabelo dourado caéndolle sobre os ombros; era tan fermoso que a xente quedou abraiada.

—¿Es ti o cabaleiro que apareceu na festa vestido dunha cor distinta cada día e que apañou as mazás douradas? —preguntoulle o rei.

—Si —afirmou—, e aquí están as mazás —e sacounas do peto para darllas ó rei—. Se aínda necesita máis probas, podo amosarlle a ferida que me fixeron os seus homes cando me perseguiron; e tamén son o cabaleiro que acabou cos seus inimigos na guerra.

—Se podes realizar semellantes empresas, non es ti precisamente axudante de xardineiro. ¡Di de quen es fillo! —dixo o rei.

—Meu pai é un rei poderoso, e ouro e riquezas non me faltan.

—Xa vexo —dixo o rei— que agora teño unha gran débeda contigo. ¿Hai algo que poida facer por ti?

—Claro que pode; déame a súa filla como esposa —contestou.

—Non anda con voltas —riu a princesa—, pero eu xa sabía polo seu cabelo dourado que non podía ser un

axudante de xardineiro.

Foi onda el e bicouno.

Á voda viñeron tamén os pais do noivo que estaban moi felices, xa que renunciaran a toda esperanza de ver outra vez o seu amado fillo. Cando xa estaban no convite, cesou de pronto a música, abríronse as portas e apareceu un soberbio rei seguido do seu séquito. Foi onda o príncipe, abrazouno e dixo:

—Son o home de ferro. Botárame alguén un meigallo, e transformeime nun home salvaxe, pero ti liberáchesme. Agora serán túas tódalas miñas riquezas.

As grallas

Unha vez era un soldado honrado que tiña uns cartos aforrados, porque el era home traballador e non deixaba nas tabernas o que gañaba como facían os outros. Pero tiña dous compañeiros, máis falsos có demo, que o único que pretendían era roubarlle os cartos, polo que eran moi amables con el, claro está, de dentes para fóra. Un día dixéronlle:

—Non sabemos que raio imos facer nesta cidade na que nos teñen pechados coma se fosemos presos. Sobre todo, un coma ti podería gañar bos cartos na propia terra e vivir comodamente.

Con estes falares, insistiron tanto no asunto que acabaron por convencelo e decidiu escapar con eles. Pero os outros dous só tiñan mentes de roubarlle o diñeiro fóra da cidade. Despois de camiñaren un pouco, dixéronlle:

—Agora temos que virar alí á dereita se queremos chegar á fronteira.

—¡Non! Por ese camiño regresamos de novo á cidade. Hai que virar á esquerda.

—¿Que impertinencias son esas? —berraron os outros dous, e comezaron a pegarlle ata que caeu ó chan. Colléronlle os cartos do peto e, non contentos con iso, arrastráronlle os ollos, arrastrárono ata unha forca e atárono alí con cordas. Despois regresaron co diñeiro roubado á cidade.

O pobre cego non sabía en que lugar malfadado o deixaran. Apalpou algo arredor e decatouse de que estaba sentado baixo dun traveseiro de madeira. El creu que se trataba dunha cruz e dixo:

—Aínda foi un detalle por parte deles atarme baixo dunha cruz; así, Deus está comigo —e comezou a rezar.

Contra a noite, oíu que algo baía as ás. Eran tres grallas que se pousaron no traveseiro. Oíu como dicía unha delas:

—Irmás, ¿traedes novas?

—Ai, se os humanos soubesen o que nós sabemos. A princesa está enferma e o vello rei prometeu dala como esposa a aquel que a cure. Pero ninguén pode, xa que o único remedio é queima-lo sapo do estanque e darlle a bebe-la súa cinsa en auga.

—Ai, se os homes soubesen o que nós sabemos —dixo a segunda—. Hoxe á noite caerá do ceo unha xeadá tan marabillosa e milagreira que se os cegos untan os ollos con ela han recupera-la vista.

—Ai, se os homes soubesen o que nós sabemos —dixo a terceira—. O sapo axúdalle a unha soa persoa, e a xeadá a unhas cantas. Pero a cidade está en perigo, pois que secaron tódalas fontes e ninguén sabe que se se retira a pedra cadrada da praza e se cava debaixo ha correr auga fresca.

E tras diciren isto, oíu o cego como as grallas batían de novo as ás e marchaban. Conseguiu desfacerse das súas ataduras, anicouse, colleu un pouco de herba e pasou a xeadá que tiñan polos ollos. Inmediatamente recuperou a vista, viu a lúa e as estrelas no ceo e tamén que estaba ó lado dunha forca. Buscou un recipiente e recolleu toda a máxica xeadá que puido encontrar. Despois foi ó estanque e desviou a auga que había nel para poder colle-lo sapo. Queimouno e alá foi coa súa cinsa ó pazo real. Deulla á princesa. E cando esta sandou, reclamouna como esposa, tal e como se prometera.

Mais ó rei non lle gustaba nada o soldado, xa que tiña unha roupa moi pobre. E dixo que, aquel que quixese te-la súa filla debía conseguir primeiro auga para a cidade, esperando así perdelo de vista. Pero o soldado foi á cidade e mandoulle á xente retirar-la pedra cadrada e cavar alí. Aínda ben non empezaran a cavar, xa deron cun manancial do que fluía unha forte corrente de auga. O rei xa non lle podía seguir negando a princesa. Casaron e tiveron un feliz matrimonio.

Unha vez que saíu de paseo ó campo, encontrou cos antigos compañeiros que se comportaran con el dunha maneira tan traizoeira. Eles non o recoñeceron, pero el a eles recoñeceunos rapidamente. Achegouse e díxolles:

—Mirádeme, son o voso antigo compañeiro, aquel a quen tan desapiadadamente lle arrincáste-los ollos, pero o bo Deus axudoume.

Entón botáronse ós seus pés pedindo esmola. Como tiña un corazón de ouro, levounos consigo para darlles de comer e vestilos. Despois contoulle-lo que lle pasara e cómo chegara a casar coa princesa. E tras escoita-la historia, eles quixeron pasar unha noite sentados baixo da forca a ver se escoitaban tamén cousas así. Sentaron debaixo do traveseiro, e oíron algo que voaba. Volveron as tres grallas, e unha dixo:

—Escoitade, irmás, alguén debeu de espiarnos, xa que a princesa sandou, o sapo desapareceu, un cego recobrou a vista e na cidade teñen un novo manancial. ¡Veña, busquemos a ver se o atopamos para castigalo!

Saíron voando, e atoparon cos dous alí sentados. Nada máis velos, pousaron nas súas cabezas, arrincáronlle-los ollos e petearon na súa cara ata que morreron. E alí quedaron baixo a forca. Ó pasar uns días, como non regresaban, pensou o soldado: "¿Onde estarán estes dous?". E saíu en busca deles. Tan só atopou os seus restos, e levounos dende a forca para darlles sepultura.